



Life is a Paripé


75 minutos de humor dividido entre
11 escenas e pico, multiplicado por
2 intérpretes masculinos sumados a
1 intérprete feminina dá como resultado:
33 por cento de música máis
33 por cento de teatro máis
33 por cento de cachondeo, o que dá un total final de
100 por cen de paripé.

Se Marlango pode nós tamén.

Intérpretes: César Goldi
Iolanda Muiños
Mos

Escrita e dirixida por:

Jose Prieto



11 INTERVENCIONES:

DESFILE DE MODA SEXUAL

REENCONTRO DE AMANTES

A CASTRACIÓN DE MANOLO

O VERDADEIRO “JAMLET”

CAMPIÓNS DE ZAPPING

BALADA PUNKIE

DRAMA DO ACTORS STUDIO

A POETISA SINFOROSA PRADOS

ZARZUELA DE GILIPOLLAS

NETOS DE PETER, PAUL AND MARY

OS NENOS DO MURO DE PINK FLOYD

TEATRO | <<Life is a paripé>>

Cartelera y.. críticas

Cabaré para a guerra de todos os días

Camilo Franco

Corre por aí a teoría de que o humor é desmobilizador. Pero non sei a que humor se refiren. Igual falan de determinados humores televisivos ou a ese sentido tan singular de humor que hai que ter para decretar a conxelación das pensións mentres . pagamos.unha parte substancial da fusión das caixas. Este si que é humor ofensivo.

Supoño que nesas teorías sobre o humor hai unha que di que o humor é tranquilizador e relaxante e a ese humor se aplican .con.insistencia. Pero este non é o caso de *Life is a paripé*. Digamos que é xusto o contrario. Un humor de trabar polas partes e de rebelarse contra todas estas cousas que contan os xornais a diario como se fosen normais, pero son normalmente estúpidas; É un humor político; pero non é correcto. É un humor contra a resignación pola vía de demostrar ata que hai unha guerra en marcha contra o sentido común.

Este, polo tanto, é un cabaré de entteguerras diarias, apoiado na malversación da decencia e na constatación de que o humor é. sempre unha arma arreboladiza é que a

intelixencia está en saber escoller os obxectivos. Obras Públicas escolle finalmente os obxectivos porque son do común, do común desastre do día a día; Todo vai encaixando nesa demostración de mala baba. Por unha parte a narración en escenas e por outra a súa reconstrución paródica e, polo tanto, case case realista. Tamén encaixa a música e tamén a revisión de cancións máis ou menos coñecidas postas ao servizo dunha êausa mellor que acompañar unha noite nun garito. Cadra no tono e, sobre todo, creo que cadra no tempo porque xa polas serias non parece que queiramos escoitar ata que punto tocamos a ridiculez como especie, cun pouco de rnal carácter humorístico si que nos damos por aludidos. E quen non se dea, no seu alarde particular de 'inxenuismo, cando menos pode rir.

Life, is aparipé non participa da boa educación dos fastos xacobeos e, polo tanto entra máis no capítulo de alguén tiña quedíciolo. Logo se ademais, e aínda no xénero, non se desafina e a parodia está ben suxeita a manterse a unha distancia pouco prudente coa realidade, entramos de cheo no servizo público.

O par.ipé era un xénero sen recoñecemento oficial, pero a partir de agora imos ter que rescatalo dos bares e pasalo aos teat,ros a ver se non se estragada no transo. A ver se collemos ese humor e nos armamos para o que nos queda por pasar e non esquecemos que nesta guerra pagan sempre os mesmos. E imitamos a perda de amabilidade porque non creo que debamos ser educados cos inimigos. Eles non están sendo nada cívicos con nós.

“Life is a paripé”. *Compañía Obras Públicas*. Autor: Jose Prieto. Reparto: César Goldi, Iolanda Muíños e Mos.



INFORMACIÓN E CONTACTO:

OBRAS PÚBLICAS
698 184 683

IOLANDA MUIÑOS
649 003 623

